

Cada ano imos de vacacións ao pobo dos nosos avós. O tío Pedro e a tía Remedios son veterinarios e coidan dos animais do pobo. Miguel é o meu curmán e ten nove anos. Ás veces facémonos pasar por irmáns.

A Miguel gústalle coleccionar animais vivos. Cada día dálles de comer. Ten dous de cola verde; tres saltóns que comen leitugas; un sapo que só croa pola noite na súa pequena lagoa e dous cachorros que non paran de xogar.

Isabel, a súa irmá maior, axúdalle a coidalos. Cando vou con eles acompañanos Felisa, unha vaca leiteira que naceu o mesmo día que Isabel. Agora son inseparables e quérense moitísimo.

Onte fomos de excursión toda a familia no coche de papá. Cando nos baixamos camiñamos moito polo bosque ata chegar a un lugar onde nos paramos para comer porque os máis pequenos xa estabamos cansos.

O meu tío Pedro subiunos aos tres enriba da vaca Felisa, que camiñaba orgullosa e satisfeita polo bosque. Finalmente chegamos a un prado que hai xunto a un regato e acampamos alí. Mentres os maiores preparaban a comida e Felisa comía herba fresca, nós cruzamos o regato saltando de pedra en pedra.

O camiño de volta fíxose máis curto porque Felisa levounos no seu lombo ata chegar ao coche de novo. Cando chegamos a casa dos avós duchámonos e contámoslles todas as cousas que fixeramos.

1ª Parágrafo 39	2ª Parágrafo 40	3ª Parágrafo 30
4ª Parágrafo 35	5ª Parágrafo 52	6ª Parágrafo 33

Indicacións para levar a cabo as probas de velocidade lectora.

- Debe avaliarse de forma individual, nun lugar tranquilo e silencioso.
- O alumno/a debe ler en voz alta, o máis rápido que poida sen equivocarse.
- É positivo dar a coñecer ao alumno o resultado obtido inmediatamente, xa que xera un sentido de superación persoal.

A selección de lecturas

- Os textos serán adecuadas a cada curso en canto a dificultade de vocabulario, puntuación e cantidade de palabras monosílabas, bisílabas, trisílabas e polisílabas.
- As temáticas estarán adaptadas ao nivel educativo dos alumnos.
- Os textos serán amenos e cunha continuidade narrativa completa.

A extensión de cada texto axústase aos niveis para que sexa lido nun minuto aproximadamente:

1º primaria	80-100 palabras
2.º Primaria	130-150 palabras
3.º Primaria	180-200 palabras
4.º Primaria	200-220 palabras
5.º Primaria	220-240 palabras
6.º Primaria	240-260 palabras